



COOPERATIVAS



XUNTA DE GALICIA

ÍNDICE

AS COOPERATIVAS	2	¿Que é unha cooperativa? Clases de cooperativas Os estatutos sociais O regulamento de réxime interno A regulación legal en Galicia
AS PERSOAS QUE A FORMAN	8	Os socios cooperativistas Obrigas básicas dos socios Dereitos dos socios Normas de disciplina social Outros tipos de socios Asalariados
OS SEUS ÓRGANOS SOCIAIS	13	A asemblea xeral O consello rector Os interventores
O SEU RÉXIME ECONÓMICO	16	Financiamento Capital social Achegas dos socios Financiamentos que non integran o capital social Anticipos laborais Aplicación dos resultados Beneficios fiscais Responsabilidade polas débedas sociais
A SÚA CONSTITUCIÓN	21	A inscrición no rexistro Trámites a seguir: I. Certificación negativa de denominación II. Cualificación previa do proxecto de estatutos sociais III. Inscrición da cooperativa Competencias rexistrais Outros trámites a realizar Obrigas rexistrais
AS MEDIDAS DE APOIO	28	De carácter xeral De promoción e divulgación do cooperativismo De fomento do emprego De actividades específicas Capitalización da prestación por desemprego
ENDEREZOS DE UTILIDADE	31	

■ AS COOPERATIVAS

■ ¿Que é unha cooperativa?

A cooperativa é unha sociedade de capital variable que, a través do exercicio de actividades socioeconómicas, desenvolve unha empresa de propiedade conxunta de tódolos socios.

A súa finalidade consiste en prestar servicios e satisfacer necesidades e aspiracións dos seus socios, mediante a súa participación activa e en interese pola comunidade.

Contan cunha estrutura e xestión democráticas, en réxime de libre adhesión e baixa voluntaria, distribuíndose os resultados económicos en función da actividade cooperativizada realizada.

Calquera actividade económico-social poderá desenvolverse mediante unha sociedade cooperativa.

As cooperativas teñen que se axustar no seu funcionamento aos principios formulados pola Alianza Cooperativa Internacional:

I. Adhesión voluntaria e aberta

As cooperativas son organizacións voluntarias, abertas a todas as persoas capaces de utilizar os seus servizos e dispostas a aceptar as responsabilidades de ser socio, sen discriminación social, política, relixiosa, racial ou de sexo.

II. Xestión democrática por parte dos Socios

As cooperativas son organizacións xestionadas democráticamente polos socios, que participan activamente na fixación das súas políticas e na toma de decisións. Os homes e mulleres elixidos para representar e xestionar as cooperativas son responsables ante os socios. As cooperativas están organizadas de xeito democrático.

III. Participación económica dos socios

Os socios contribúen equitativamente ao capital das súas cooperativas e xestionan de xeito democrático. Polo menos unha parte dos activos é por regra xeral, propiedade común da cooperativa. Normalmente reciben unha compensación, se existe, limitada sobre o capital entregado como condición para ser socio. Os socios asignan os excedentes para todos ou algún dos seguintes fins: ao desenvolvemento da cooperativa, á constitución de reservas, das que, polo menos unha parte sería indivisible, ao beneficio dos socios en proporción ás súas operacións coa cooperativa, e ao apoio doutras actividades aprobadas polos socios.

IV. Autonomía e independencia

As cooperativas son organizacións autónomas de autoaxuda, xestionadas polos seus socios. Se asinan acordos con outras organizacións, incluídos os gobernos, ou se acadan capital de fontes externas, fano en termos que aseguren o control democrático por parte dos seus socios e manteñan a súa autonomía cooperativa.



V. Educación, formación e información

As cooperativas proporcionan educación e formación aos socios, aos representantes elixidos, aos directivos e aos empregados para que poidan contribuír de xeito eficaz ao desenvolvemento das súas cooperativas. Informan ao gran público, especialmente á mocidade e aos líderes de opinión, da natureza e beneficios da cooperativa.

VI. Cooperación entre cooperativas

As cooperativas serven aos seus socios o máis eficazmente posible e fortalecen o movemento cooperativo traballando conxuntamente mediante estruturas locais, nacionais, rexionais e internacionais.

VII. Interese pola comunidade

Ao mesmo tempo que se centran nas necesidades e nos desexos dos socios, as cooperativas traballan para acadar o desenvolvemento sostido das súas comunidades segundo os criterios aprobados polos socios.




■ Clases de cooperativas

As cooperativas clasificanse en:

- cooperativas de traballo asociado
- cooperativas agrarias
- cooperativas de explotación comunitaria da terra
- cooperativas de consumidores e usuarios
- cooperativas de servizos
- cooperativas de transportistas
- cooperativas do mar
- cooperativas de explotación dos recursos acuícolas
- cooperativas de vivendas
- cooperativas de ensino
- cooperativas de integración social
- cooperativas de servizos sociais
- cooperativas de crédito
- cooperativas de seguros
- cooperativas sanitarias

Debe terse en conta que, para certos supostos, a Lei de cooperativas de Galicia establece determinadas asimilacións. Así, cando a cooperativa asocia a persoas que aportan o seu traballo persoal, complementariamente á regulación específica da clase de cooperativa que se trate, tamén lle resulta aplicable a normativa de cooperativas de traballo asociado.





Para o cumprimento e desempeño de fins comúns de índole económico, dúas ou máis cooperativas poderán constituir cooperativas de segundo grao.

Así mesmo, para a defensa e promoción dos seus intereses, as cooperativas poderán asociarse libre e voluntariamente en unións, federacións e confederacións de cooperativas.

■ Os estatutos sociais

Os estatutos sociais, que son obrigatorios, regulan a estrutura e funcionamento interno da sociedade cooperativa, debendo regular unha serie de aspectos que a lei esixe como contido mínimo obrigatorio e que poden agruparse como: de identificación e ámbito, de estrutura social, de goberno e xestión da sociedade, e de xestión económica e financeira. Así mesmo, poderán conter aquelas outras normas que os socios teñan por conveniente, sempre que non resulten contrarias á lei.

Ao longo da vida da sociedade, os estatutos poderán modificarse coas formalidades previstas na lei, sendo necesaria a posterior inscrición da modificación estatutaria seguindo os trámites previstos no Regulamento de Rexistro de Cooperativas.

■ O regulamento de réxime interno

Como instrumento áxil que plasme as relacións internas, a cooperativa pode ter un regulamento de réxime interno.

Os socios teñen plena autonomía para establecer o seu contido, sempre que o mesmo non contradiga nin aos estatutos sociais nin á lei, podéndose es-

tablecer no mesmo cuestións tales como tipificación de faltas leves, organización do traballo, organigramas empresariais, etc.

■ A regulación legal en Galicia

Galicia ten competencia exclusiva en materia de cooperativas en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro (*BOE* 28.12.95), que ampliou a competencia orixinaria recollida no art. 28.7 do Estatuto de Autonomía.

Con data 30.12.98 no *DOG* nº 251, publicouse a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia que desde a súa entrada en vigor, o primeiro de marzo de 1999, regula as sociedades cooperativas galegas.

En desenvolvemento das previsións contidas na lei galega, publicáronse os seguintes decretos:

- Decreto 25/2001, do 18 de xaneiro, polo que se regula a organización e funcionamento do Consello Galego de Cooperativas (*DOG* nº 27, do 07.02.01).
- Decreto 430/2001, do 18 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Cooperativas de Galicia (*DOG* nº 31, do 12.02.02).
- Decreto 248/2004, do 14 de outubro, polo que se regulan os procedementos de conciliación e arbitraje cooperativa (*DOG* nº 211, do 29.10.04).

Cómpre citar, así mesmo, que o réxime fiscal das cooperativas, materia que non foi obxecto de transferencia, está contido fundamentalmente na Lei 20/1990, do 19 de decembro (*BOE* 20.12.90).



■ AS PERSOAS QUE A FORMAN

■ Os socios cooperativistas

As cooperativas de primeiro grao deberán estar integradas, como mínimo, por catro socios, podendo selo tanto as persoas físicas como as persoas xurídicas segundo a clase de cooperativas. Nas cooperativas de traballo asociado os socios terán que ser persoas físicas, podendo constituírse e funcionar con tres socios.

Os estatutos establecerán os requisitos necesarios para adquirir a condición de socio, que en ningún caso poderán estar vencellados a motivos políticos, sindicais, relixiosos, de nacionalidade, sexo, raza ou estado civil, salvo que fosen incompatibles co obxecto social.

En todo caso, para adquirir a condición de socio é necesario achegar a cantidade mínima obrigatoria que os estatutos establezan.

Nas cooperativas de traballo asociado, os estatutos poden establecer un período de proba, que non excederá de seis meses.

■ Obrigas básicas dos socios

Os socios están obrigados a cumprir os deberes que a Lei de cooperativas de Galicia e os estatutos sociais establezan.

Na lei recóllense como básicas as seguintes obrigas.

a) Asistir ás reunións da asemblea xeral e dos demais órganos para os que fosen convocados.

b) Cumprir os deberes legais e estatutarios, así como os acordos validamente adoptados polos órganos sociais da cooperativa.

c) Participar na actividade cooperativizada que desenvolve o obxecto social da cooperativa, na contía mínima obrigatoria establecida nos estatutos, agás liberación temporal da dita obriga por parte do órgano de administración, por causa xustificada e logo de solicitude motivada do socio afectado.

d) Non realizar actividades competitivas coas propias desenvolvidas pola cooperativa, agás autorización expresa do órgano de administración.

e) Gardar segredo sobre aqueles asuntos e datos da cooperativa dos que a divulgación poida prexudicarllos intereses dela.

f) Desembolsar as súas achegas ao capital social nas condicións previstas.

g) Participar nas actividades de formación.

h) Aceptar os cargos para os que fosen elixidos, agás xusta causa.

■ Dereitos dos socios

Os socios teñen, ademais dos dereitos que lles outorguen as normas legais e estatutarias ou os acordos validamente adoptados polos órganos sociais, os seguintes:

a) A ser elector e elixible para os cargos dos órganos sociais da cooperativa.

b) A formular propostas e participar con voz e voto na adopción de acordos nas reunións dos órganos sociais dos que sexa membro.

c) A participar na actividade da cooperativa para o cumprimento do seu fin social, sen ningunha discriminación.

d) A recibir a información necesaria para o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas.

e) A percibir o retorno cooperativo, de ser o caso.

f) Á actualización e devolución das achegas ao capital social, así como a percibir xuros por elas, de ser o caso.

Ademais, todo socio ten dereito a recibir toda a información necesaria sobre a marcha da cooperativa, nos termos regulados no art. 23 da Lei 5/98 e nos estatutos sociais. Entre estes dereitos, cómpre destacar que é responsabilidade do órgano de administración entregar a cada socio unha copia dos estatutos sociais e do regulamento do réxime interno, así como das súas modificacións.

Así mesmo, os socios traballadores de cooperativas de traballo asociado e os socios de traballo teñen dereito a percibir, nun prazo non superior ao mes, anticipos laborais a conta dos resultados finais do exercicio económico, e ao disfrute do descanso semanal, festas, vacacións e permisos, nos termos fixados na lei e nos seus estatutos. Tamén teñen dereito a disfrutar dos beneficios da seguridade social nos termos previstos legalmente.



■ Normas de disciplina social

Os Estatutos establecerán conforme á lei, as normas de disciplina social dos socios, así como os procedementos sancionadores e os recursos procedentes.

Os socios só poderán ser sancionados por faltas previamente tipificadas, debendo estar as faltas graves e moi graves establecidas nos estatutos sociais, podendo fixarse as leves no regulamento de réxime interno e por acordo da asemblea xeral.

■ Outros tipos de socios

A Lei de cooperativas de Galicia contempla a posibilidade de que ademais dos socios ordinarios ou propios da actividade cooperativizada, tamén poidan existir outras figuras de socios que polas súas características deben ter unha regulación específica.

Neste senso, o texto legal prevé a existencia de socios de traballo, socios excedentes, socios a proba e socios colaboradores.

A cooperativa que desexe utilizar as figuras de socios a proba ou colaboradores debe prevelo nos seus estatutos sociais, regulando ademais as súas características concretas de acordo co establecido na devandita lei.

■ Asalariados

Nunha cooperativa poden existir traballadores contratados, tanto de xeito indefinido coma noutras modalidades de contratación.

Nas cooperativas de traballo asociado, o número de horas/ano realizadas polos traballadores contratados non poderá ser superior ao 30% do total de horas/ano realizadas polos socios traballadores.

Non se computarán nesta porcentaxe:

a) Os traballadores integrados na cooperativa por subrogación legal así como aqueles que se incorporen en actividades sometidas a esta subrogación.

b) Os traballadores que substitúan socios traballadores ou asalariados en situación de excedencia ou incapacidade temporal, baixa por maternidade, adopción ou acollemento.

c) Os traballadores con contratos de traballo en prácticas e para a formación.

d) Os traballadores contratados en virtude de calquera disposición de fomento do emprego de diminuídos físicos ou psíquicos.

e) Os traballadores que se neguen explicitamente a ser socios traballadores.

■ OS SEUS ÓRGANOS SOCIAIS

■ A asemblea xeral

A asemblea xeral da cooperativa constituída validamente é a reunión dos socios para deliberar e tomar acordos como órgano supremo de expresión da vontade social, obrigando os seus acordos, se foron validamente adoptados, a todos os socios.

Nas cooperativas cada socio terá un voto, agás supostos especiais en cooperativas agrarias, de mar e de servizos, e os acordos adoptaranse por máis da metade dos votos validamente expresados, agás que por lei ou estatutos se esixan maiorías reforzadas.

Correspóndelle en exclusiva á asemblea xeral a adopción dos seguintes acordos:

- a) A aprobación do plan empresarial da cooperativa, presentado polo órgano da administración, que será o responsable da súa xestión e execución.
- b) O nomeamento e a revogación, por votación secreta, dos administradores, dos interventores e dos liquidadores, así como, de ser o caso, dous membros do comité de recursos, e o exercicio da acción de responsabilidade contra eles.
- c) O nomeamento e a revogación dos auditores de contas.

d) O exame da xestión social, a aprobación das contas anuais e da distribución de excedentes ou a imputación de perdas.

e) O establecemento de novas achegas obrigatorias ou voluntarias, a fixación dos xuros que lles puidesen corresponder e a actualización delas.

f) A emisión de obrigas, títulos participativos ou outro tipo de participacións que puidesen establecerse, ou de calquera outro título admitido en dereito.

g) A aprobación ou modificación do regulamento de réxime interno da cooperativa.

h) O establecemento ou a modificación das cotas de ingreso ou periódicas.

i) A constitución de cooperativas de segundo grao e doutras formas de participación económica, así como a adhesión e separación delas.

j) A modificación dos estatutos.

k) A fusión, escisión, transformación, disolución e liquidación da sociedade.

l) A creación de seccións e a aprobación e modificación, de ser o caso, dos seus regulamentos de réxime interno.

m) A cesión ou o alleamento da sociedade ou de parte desta, ou calquera outra decisión que supoña unha modificación substancial da estrutura económica, social, organizativa ou funcional dela.

n) Todos os demais acordos nos que así o estableza a lei ou os estatutos.

Así mesmo poderá debater a asemblea sobre cantos asuntos sexan de interese para a cooperativa, sempre que consten na orde do día, pero unicamente poderá tomar acordos obrigatorios en materias que a lei non considere competencia exclusiva doutros órganos sociais.

■ O consello rector

O consello rector é o órgano de goberno, xestión e representación da sociedade cooperativa. Os estatutos sociais establecerán a súa composición, debendo de existir, en todo caso, os cargos de presidente, vicepresidente e secretario, agás nas cooperativas de traballo asociado de menos de catro socios que non será necesario o vicepresidente.

O presidente do consello rector, que tamén o será da cooperativa terá a representación legal dela, sen prexuízo de incorrer en responsabilidade se a súa actuación non se axusta ós acordos da asemblea xeral e do consello rector.

No caso de cooperativas con menos de 10 socios, os estatutos poden establecer a existencia dun administrador único co mesmo réxime e competencias que o consello rector.

Os membros do consello rector ou administrador único serán elixidos pola asemblea xeral por un período de entre dous e seis anos que fixarán os estatutos. O nomeamento producirá efectos desde a súa aceptación e deberá inscribirse no rexistro de cooperativas competente.

Se os estatutos sociais o prevén, o consello rector poderá nomear, por maioría de dous tercios dos seus membros e de entre eles, un ou varios conselleiros delegados, persoas físicas, con facultades xerais referidas exclusivamente ó xiro e tráfico empresarial ordinario da cooperativa.

■ Os interventores

Os interventores son un órgano de fiscalización da cooperativa con distintas funcións como a censura das contas anuais, controlar a levanza dos libros da cooperativa, decidir sobre os documentos que acrediten a representación dos socios nas asembleas xerais, etc...

Os estatutos deben fixar o seu número e o período de actuación entre 2 e 6 anos.

■ O SEU RÉXIME ECONÓMICO

■ Financiamento

Para formar unha cooperativa os socios deben aportar os recursos económicos necesarios para comezar a actividade empresarial, por sí mesmos, a través das achegas ao capital social ou por medio de outras fontes de financiamento tanto internas como externas.

■ Capital social

O capital social estará integrado polas achegas obrigatorias e voluntarias dos socios. O capital social dunha cooperativa é por definición variable, debido ó principio de libre adhesión e baixa voluntaria dos socios.

Os estatutos, non obstante, deben fixar o "capital social mínimo" co que pode constituírse e funcionar a cooperativa, e que sera como mínimo 3.005,06 euros e deberá estar totalmente desembolsado.

■ Achegas dos socios

a) Achegas obrigatorias.

Os estatutos deben de fixar a achega obrigatoria mínima, tendo que desembolsarse, polo menos, o 25% dela para adquirir a condición de socio e o resto na forma e prazos previstos polos estatutos ou pola asemblea xeral.

b) Achegas voluntarias.

A asemblea xeral poderá acordar a admisión de achegas voluntarias ao capital social.

O importe total das achegas de cada socio non pode exceder de $\frac{1}{3}$ do capital social podendo ser en moeda ou, se os socios así o deciden, consistir en bens e dereitos.

Os estatutos, determinarán se as achegas obrigatorias desembolsadas ó capital social renden ou non xuros, que en ningún suposto poderán exceder en máis de tres puntos o tipo de xuro legal do diñeiro. No caso das achegas voluntarias o xuro non poderá exceder do legal do diñeiro en seis puntos.

Os estatutos regularán o reembolso das achegas en caso de baixa do socio, de acordo coas normas contidas na Lei de cooperativas de Galicia.

■ Financiamentos que non integran o capital social

■ Poderanse establecer cotas de ingreso ou periódicas que non serán reintegrables. O importe das cotas de ingreso dos novos socios non poderá ser superior ao 50% da súa achega obrigatoria ao capital social.

■ A asemblea xeral poderá acordar a admisión de financiamento voluntario polos socios baixo calquera modalidade xurídica e co prazo e condicións que se establezan no propio acordo.

■ As cooperativas, previo acordo da asemblea xeral, tamén poderán emitir obrigas, títulos participativos e contratar contas en participación.

■ Os bens entregados polos socios para a xestión cooperativa e os pagos para a obtención dos servizos cooperativizados, non integran o capital social nin o patrimonio da cooperativa e suxeítanse as condicións fixadas e contratadas coa cooperativa, e non poden ser embargados polos acreedores sociais.

■ Anticipos laborais

Os socios traballadores e de traballo percibirán periódicamente, e nun prazo non superior ao mes, anticipos laborais en contía similar ás retribucións na zona e sector de actividade, segundo as súas categorías profesionais. Este anticipo non poderá ser inferior ao salario mínimo interprofesional, en cómputo anual, tendo en conta a xornada laboral realizada dentro da legalidade vixente.

■ Aplicación dos resultados

Os excedentes netos do exercicio económico, unha vez deducidos os impostos, aplicaranse aos seguintes fins:

a) Destinarase como mínimo un 30% dos mesmos aos fondos de reserva obrigatorio e ao fondo de formación e promoción cooperativa.

■ O fondo de reserva obligatoria está destinado a actividades de consolidación, desenvolvemento e garantía da cooperativa. A este fondo deberá destinarse un mínimo do 20% dos excedentes.

■ O fondo de formación e promoción cooperativa destinarase a actividades de formación, promoción profesional e das relacións intercooperativas, e dotarase como mínimo co 5% dos excedentes.

b) Unha vez deducidas as dotacións aos fondos obrigatorios, os excedentes dispoñibles pódense aplicar a retorno cooperativo.

O retorno cooperativo, ou participación dos socios nas ganancias da sociedade, acreditarase aos socios en proporción ás operacións, actividades ou servizos realizados por cada un na cooperativa, en ningún suposto en función das achegas do socio ao capital social.

Así mesmo, os excedentes dispoñibles pódense aplicar, no seu caso, á participación dos traballadores asalariados nos resultados, así como a incrementar os fondos obrigatorios ou a crear fondos de reservas voluntarios.

■ Beneficios fiscais

As sociedades cooperativas teñen recoñecidos unha serie de beneficios fiscais recollidos, fundamentalmente, na Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas (*BOE* 20-12-1990).

Estes beneficios afectan os seguintes impostos:

- Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.
- Imposto sobre sociedades.
- Imposto sobre actividades económicas.
- Imposto sobre bens inmobles.

En cada caso coas condicións e nos supostos previstos legalmente, existindo un dobre nivel de protección:

- Cooperativas protexidas: Aquelas que se axusten os principios e disposicións da Lei de cooperativas de Galicia e non incorran nalgunha das causas de perda desta condición previstas na Lei 20/1990.

- Cooperativas especialmente protexidas: As cooperativas protexidas poden acadar un segundo nivel de protección, sempre e cando cumpran unha serie de requisitos e pertencen a algunha das clases indicadas pola lei fiscal (traballo asociado, agrarias, etc...).

■ Responsabilidade polas débedas sociais

Os socios responderán das débedas sociais só ata o límite das súas achegas subscritas ao capital social, estean ou non desembolsadas na súa totalidade.



■ A SÚA CONSTITUCIÓN

■ A inscrición no rexistro

Para que unha sociedade cooperativa se considere constituída e teña personalidade xurídica, debe inscribirse obrigatoriamente a escritura pública de constitución no rexistro de cooperativas competente.

Os promotores da cooperativa poden optar por outorgar directamente a escritura de constitución, ou por solicitar no rexistro a previa calificación do proxecto de estatutos sociais.

■ Trámites a seguir

I. Certificación negativa de denominación

Débase solicitar certificación de que non existe inscrita outra sociedade cooperativa con idéntica denominación, que será expedida polo Registro de sociedades Cooperativas dependente da Administración Xeral do Estado. C/ Pío Baroja, nº 6, 28071 Madrid (telf. 913 631 920).

A denominación certificada quedará reservada a favor da cooperativa solicitante por un período de 6 meses a contar desde a data da certificación. Poderá solicitarse ante o mesmo órgano a ampliación deste prazo, acreditando que foi iniciado o proceso de inscrición no rexistro de cooperativas competente.

II. Cualificación previa do proxecto de estatutos sociais

É un trámite opcional solicitar do rexistro de cooperativas competente a cualificación previa do proxecto de estatutos sociais, podendo procederse directamente ao outorgamento da escritura de constitución.

Resulta aconsellable a realización deste trámite para asegurar a cualificación favorable do proxecto de estatutos sociais, antes do outorgamento da escritura pública. Debe terse en conta que as subsanacións dos defectos observados en estatutos incorporados en escritura pública, deben facerse tamén necesariamente en escritura pública.

REQUISITOS NECESARIOS para a cualificación previa de estatutos dunha sociedade cooperativa

Documentación

- Solicitud.
- Copia certificada da acta da asemblea constituínte.
- Proxecto de estatutos sociais.
- Orixinal do certificado negativo de denominación.

Contido mínimo da acta da asemblea constituínte

- A relación dos promotores, cos seus datos de identificación persoal ou a razón ou denominación social, de ser o caso, e a actividade comprometida.
- A manifestación dos outorgantes de que todos os promotores reúnen os requisitos legais e estatutarios necesarios para ser socio da cooperativa que se constituí.
- A manifestación da vontade de fundar unha cooperativa da clase de que se trate.
- A identificación das persoas designadas para desempeñaren os distintos cargos dos órganos sociais, coa súa aceptación e coa declaración expresa de non estaren incursas en causa de incapacidade ou incompatibilidade das establecidas no artigo 48 da lei 5/98.
- Aprobación dos estatutos sociais.
- Designación das persoas que teñen que outorgar a escritura de constitución en número de catro, como mínimo, agás traballo asociado que poden ser tres, entre os que deberán estar: Os membros do órgano de administración, os interventores e o secretario da asemblea constituínte.
- Forma e prazos para o desembolso da achega obrigatoria mínima para ser socio e do capital social mínimo.
- Se existen achegas non en diñeiro: identificación do aportante e aprobación da valoración, previo informe de experto independente.
- O resultado das votacións, lugar, data e hora da reunión.
- Sinaturas do secretario e presidente da asemblea constituínte.

III. Inscripción da cooperativa

A inscrición da escritura pública de constitución no rexistro de cooperativas competente é o trámite necesario para que a sociedade cooperativa adquiera personalidade xurídica.

Se a escritura pública de constitución fose outorgada pola totalidade dos promotores da sociedade e non se fixese uso da facultade de obter a cualificación previa do proxecto de estatutos sociais, non será necesaria a celebración da asemblea constituínte.

REQUISITOS NECESARIOS para a inscrición dunha cooperativa

- Solicitud de inscrición en dous meses dende o outorgamento da escritura pública de constitución ante notario
- Liquidación do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos, documentados (as cooperativas están exentas do seu pagamento).
- Unha copia autorizada e unha copia simple da escritura pública de constitución, coas mencións e requisitos establecidos no art. 16 da Lei 5/1998, de 18 de decembro de cooperativas de Galicia e nos art. 50 e 51 do Regulamento do Rexistro de Cooperativas.
- Acreditar o pago da taxa por inscrición en rexistros oficiais.

■ Competencias rexistrais

A Comunidade Autónoma Galega ten as competencias sobre cualificación, inscrición e certificación dos actos que deban acceder ao rexistro de cooperativas, correspondéndolle, dentro da estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o seu desenvolvemento á Consellería de Traballo e Benestar.

O rexistro de cooperativas estrutúrase no Rexistro Central, situado nos servicios centrais da Consellería, e os respectivos Rexistros Provinciais nos Departamentos Territoriais.

O Rexistro Central de Cooperativas é competente respecto de:

- a) As cooperativas de ámbito superior ao dunha provincia, que realicen principal e maioritariamente a súa actividade cooperativizada cos seus socios dentro do territorio da comunidade autónoma
- b) As cooperativas de crédito e seguros.
- c) As cooperativas de segundo grao.
- d) As asociacións de cooperativas.

Os rexistros provinciais de cooperativas serán competentes respecto das restantes clases de cooperativas, nas que o ámbito territorial onde desenvolvan as súas actividades cooperativizadas cos seus socios non sexa superior ao da respectiva provincia.

■ Outros trámites a realizar

Na Delegación ou Administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria

- Solicitud de do Código de identificación fiscal.
- Declaración de alta no censo de etiquetas e opcións IVE.
- Declaración previa ao inicio da actividade.

Na Tesorería Xeral da Seguridade Social

Inscripción da empresa e afiliación dos socios traballadores e traballadores por conta allea á seguridade social.

Os socios traballadores das cooperativas de traballo asociado e asimiladas disfrutarán dos beneficios da seguridade social, podendo optar a cooperativa nos seus estatutos sociais:

a) Como asimilados a traballadores por conta allea, quedando integrados no réxime xeral, ou nalgún dos réximes especiais, segundo proceda.

b) Como traballadores autónomos no réxime especial correspondente.

(Os socios de traballo das demais cooperativas serán en todo caso asimilados a traballadores por conta allea).

No Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar

■ Comunicación de apertura do centro de traballo, segundo impreso oficial.

Na Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social

■ Selar o libro de visitas.

No Concello

■ Licencias de apertura, licencias de obra, etc.

No rexistro da Propiedade Inmobiliaria

■ Inscripción de bens inmobles, de ser o caso.

No rexistro da Propiedade Industrial

■ Inscripción de nomes comerciais, patentes, marcas, deseños industriais, modelos de utilidade e rótulos.

Dilixenciado de libros

Os libros sociais e contables deben ser dilixenciados con carácter previo a súa utilización, ou segundo o previsto no artigo 72.4 da Lei de cooperativas de Galicia, polo rexistro de cooperativas competente, segundo o procedemento previsto no art. 90 do Regulamento do Rexistro da Cooperativas

■ Obrigas rexistrais

Ademais da inscrición da sociedade e o dilixenciado de libros, as cooperativas unha vez en funcionamento teñen que cumprir as obrigas rexistrais legalmente previstas. Así, deben inscribirse as modificacións de estatutos, renovación de órganos sociais, os outorgamentos de poderes e todos aqueles actos previstos na lei e no Regulamento do Rexistro da Cooperativas.

A inscrición máis habitual é a de renovación do consello rector e interventores, que debe solicitarse ante o rexistro de cooperativas competente dentro dos trinta días seguintes á aceptación dos eleixidos.

Outra das obrigas habituais é o depósito anual de contas e documentación complementaria, que debe realizarse no prazo de dous meses desde a súa aprobación pola asemblea xeral, ante o rexistro de cooperativas, segundo o establecido no art. 94 e seguintes do devandito regulamento.

■ AS MEDIDAS DE APOIO

■ De carácter xeral

As sociedades cooperativas como calquera outra empresa teñen acceso ó réxime de subvencións, axudas, bonificacións e calquera outra medida de apoio económico establecida polas administracións públicas.

De xeito orientativo, pódese indicar que en Galicia unha gran parte de estas medidas de apoio están canalizadas a través do IGAPE (Instituto Galego de Promoción Económica).



■ De promoción e divulgación do cooperativismo

Anualmente, a Consellería de Traballo e Benestar, convoca axudas e subvencións para a promoción e divulgación do cooperativismo que inclúen, entre outras, axudas para a posta en marcha de proxectos cooperativos e para a creación ou mantemento de postos de traballo en cooperativas. Todo isto, segundo as bases da correspondente orde de convocatoria.

A orde de convocatoria establece anualmente as condicións e requisitos das distintas axudas, entre as que se atopan as axudas para a adquisición da condición de socio traballador, para a incorporación de socios traballadores e as subvencións financeiras de redución de xuros de préstamos.

■ De actividades específicas

As sociedades cooperativas en razón a actividade que realizan poden ter acceso a outro tipo de beneficios ou subvencións específicas, incluso orientadas especificamente a este tipo de entidades.

A modo de exemplo pódense citar as convocatorias anuais de subvencións dirixidas a cooperativas agrarias realizadas pola Consellería de Medio Rural.

■ Capitalización da prestación por desemprego

Outra medida de apoio ao fomento do emprego, a través de cooperativas de traballo asociado, consiste na posibilidade de que os desempregados perceptores da prestación contributiva por desemprego, perciban dunha soa vez o importe total do valor da prestación; sempre que se incorporen a unha cooperativa de traballo asociado e coa finalidade de destinar a cantidade percibida á capitalización necesaria para a realización da actividade.

As condición e requisitos establécense na correspondente normativa reguladora e as solicitudes deben realizarse, con carácter previo ao inicio da actividade, ante a oficina de emprego correspondente.

Os beneficiarios deste pagamento único da prestación por desemprego, tamén poderán solicitar a correspondente axuda de aboamento de cotas da seguridade social.

■ ENDEREZOS DE UTILIDADE

■ CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS

Rexistro Central de Cooperativas
Edif. Administrativos. San Lázaro, andar 0
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 545 540/ 981 541 675

DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CORUÑA

Rexistro Provincial de Cooperativas
Rúa Fernando Macías, 18-20. A Coruña. Telf.: 981 185 890

DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO

Rexistro Provincial de Cooperativas
Ronda da Muralla, 70. 27071 Lugo. Telf.: 982 294 288

DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE OURENSE

Rexistro Provincial de Cooperativas
Av. La Habana 79-7º 32004 Ourense. Telf.: 988 386 389

DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE VIGO

Rexistro Provincial de Cooperativas
Concepción Arenal 8, 36201 Vigo. Telf.: 986 817 686

■ CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

DIRECCIÓN XERAL DE PRODUCCIÓN AGROPECUARIA

Rúa dos Irmandiños s/n, Salgueiriños. Santiago de Compostela
Telf.: 981 540 057

DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CORUÑA

Praza Luís Seoane, s/n. A Coruña. Telf.: 981 184 501 / 981 184 506

DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO

Ronda da Muralla, 70. Lugo. Telf.: 982 294 528 / 982 294 529

DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE OURENSE

Florentino López Cuevillas, 4-6, baixo. Ourense
Telf.: 988 386 455 / 988 386 478

DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

Rúa Fernández Ladreda 43-2º. Pontevedra
Telf.: 986 805 409 / 986 805 419

**■ DIRECCIÓN GENERAL DE LA ECONOMÍA SOCIAL
DEL TRABAJO AUTÓNOMO Y DE LA RESPONSABILIDAD
SOCIAL DE LAS EMPRESAS**

Pío Baroja, 6. Madrid. Telf.: 91 363 19 20

■ INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE)

San Lázaro s/n. Santiago de Compostela. Telf.: 981 541 172 / 981 541 180

■ ASOCIACIÓN DE COOPERATIVAS

**UNIÓN DE COOPERATIVAS ASOCIACIÓN GALLEGA
DE COOPERATIVAS AGRARIAS**

Rúa Tomiño, 22-entrechán. Santiago de Compostela
Telf.: 981 584 911 / 981 584 783

Rúa Poeta Noriega Varela, 30 enpta. Lugo. Telf.: 982 201 514 / 982 201 543
Rúa Bedoia, 7, 2º. Of. 1. Ourense. Telf.: 988 242 481

UNIÓN DE COOPERATIVAS DE ENSINO DE TRABAJO ASOCIADO DE GALICIA

Rúa Fernández Villaverde, 4-1º A Of. 3. 36002 Pontevedra
Telf.: 986 866 149. Fax: 986 896 525

Rúa Teixugueiras, 28-ent. B. Navia, Vigo
Telf.: 986 866 149. Fax: 986 114 592

UNIÓN DE COOPERATIVAS AGRARIAS DE FERROL

Rúa Pascual Veiga, 33-35, entrechán. 15403 Ferrol (A Coruña)
Apartado 209-15402 Ferrol. Telf.: 981 372 798. Fax: 981 372 798

FEDERACIÓN DE EMPRESAS COOPERATIVAS SINERXIA

Rúa Fernández Villaverde, 4-1º A Of. 3. Pontevedra. Telf.: 986 896 526

UNIÓN DE COOPERATIVAS DE TRABAJO ASOCIADO EIXO

Rúa Fernández Villaverde, 4, 1º-A. Of. 3. Pontevedra. Telf.: 627 570 944

UNIÓN DE COOPERATIVAS DE TRABAJO ASOCIADO UGACOTA

Rúa do Horreo, 104-baixo esquerda
15702 Santiago de Compostela (A Coruña). Telf.: 981 575 578

UNIÓN DE COOPERATIVAS DE VIVENDAS UGACOVI

Corredoira das Fraguas, 5-1º esq. Santiago de Compostela (A Coruña)
Telf.: 981 553 115. Fax: 981 553 116



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

Dirección Xeral de Relacións Laborais